

PREPARANDO O NACEMENTO DE CRISTO

Busquei no bosco azul da terra miña
madeira mar e palla pró teu berce
mar e madeira en fábulas que tiña
o ceo feito palla, alicerce:

Busquei tamén a cova escura e fría
o alento limpo e longo, clara lúa
que dore as túas meixelas, regalía
lúa e cova, do meu bico, alma túa;

e teño xa o teu leite preparado
escondido con celo no meu canto
embriagado e súpeto, namorado,

porque quero acollerte baixo o manto
aberto no meu ser acurrucado
pra bebe-lo teu corpo libre e santo.